CONCELLO DE SANTIAGO

**INFORME DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS**

*EXPEDIENTE:* contratación mediante procedemento aberto do "Subministro e instalación de elementos novos da área de xogos infantís do Parque de Outeiro de Sar. *CON/37/2017.*

**ASUNTO**: valoración do sobre nº 2. PROPOSICIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

O obxecto do presente informe, é analizar e valorar as propostas técnicas contidas no sobre nº 2 das ofertas presentadas polas empresas licitadoras no procedemento indicado anteriormente, segundo os contidos descritos no prego de cláusulas administrativas particulares e na memoria valorada.

Segundo o punto 10.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, tomaranse como base os seguintes criterios non avaliables mediante cifras:

1. Xogos infantís, chan de seguridade e mobiliario: ata un total de 40 puntos.
2. Calidade dos materiais que hai que empregar: ata un máximo de 9 puntos.

1. XOGOS INFANTÍS, CHAN DE SEGURIDADE, VALOR DE PROTECCIÓN E MOBILIARIO.

No primeiro apartado valóranse os aspectos relativos ó deseño, a estética, o valor lúdico e a diversidade dos xogos adaptados segundo o cadro seguinte.

| ELEMENTO | DESEÑO | ESTÉTICA | VALOR LÚDICO | Nº E DIVERSIDADE DOS XOGOS ADAPTADOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| XOGOS 58% | 40% | 15% | 20% | 25% | 100% |
| CHAN 24% | 25% | 25% | 25% | 25% | 100% |
| VALOS 12% | 75% | 25% | 0 | 0 | 100% |
| MOBILIARIO 6% | 75% | 25% | 0 | 0 | 100% |

Obterá a puntuación maior o licitador que propoña a oferta máis vantaxosa, establecéndose as puntuacións restantes por interpolación, outorgándolle 0 puntos á oferta máis desfavorable.

As ofertas que hai avaliar, segundo se recolle na acta da 1ª reunión da mesa de contratación, son as presentadas polas seguintes empresas:

- LAPPSET ESPAÑA VR SL
- CALFENSA PROYECTOS SL
- ZONA DE OBRA O ROSAL SLU
- HPC IBÉRICA SA

O punto 5 da memoria valorada, relativo aos "*Xogos infantís*" establece que – "*Os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001*".

No cadro seguinte reflíctese a presentación e acreditación do cumprimento da normativa anteriormente indicada.

| **EMPRESA** | **ISO 9001** | **ISO 14001** |
|---|---|---|
| LAPPSET ESPAÑA VR SL | SI | SI |
| CALFENSA PROYECTOS SL | NO | NO |
| ZONA DE OBRA O ROSAL SLU | NO | NO |
| HPC IBÉRICA SA | SI | SI |
| | | |

Polo anteriormente exposto, quedan excluídas da licitación por non presentar ou non acreditar o cumprimento total da normativa requerida:

CALFENSA PROYECTOS SL
ZONA DE OBRA O ROSAL SLU

Quedarían polo tanto para informe valorativo sobre os criterios non avaliables mediante cifras as seguintes empresas:

- LAPPSET ESPAÑA VR SL.
- HPC IBERICA SA.

No seguinte cadro detállanse as porcentaxes e a puntuación correspondente a cadanseu apartado, interpolándose en UN tramos xa que as empresas que se van valorar son DUAS co que unha terá a puntuación máxima 40 e outra a mínima 0.

CONCELLO DE SANTIAGO

DESEÑO, ESTÉTICA E VALOR LÚDICO: 40 puntos.

| ELEMENTO | | | DESEÑO | | ESTÉTICA | | VALOR LÚDICO | | Nº E DIVERSIDADE DOS XOGOS ADAPTADOS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | % | PTOS. | % | PTOS. | % | PTOS. | % | PTOS. | % | PTOS. |
| XOGOS | 58 | 23.20 | 40 | 9.28 | 15 | 3.48 | 20 | 4.64 | 25 | 5.80 |
| CHAN | 24 | 9.60 | 25 | 2.40 | 25 | 2.40 | 25 | 2.40 | 25 | 2.40 |
| VALOS | 12 | 4.80 | 75 | 3.60 | 25 | 1.20 | | | | |
| MOBILIARIO | 6 | 2.40 | 75 | 1.80 | 25 | 0.60 | | | | |
| **TOTAL** | **100%** | **40** | | | | | | | | |

No seguinte cadro detállanse as porcentaxes e a puntuación correspondente a cadanseu apartado, interpolándose en UN tramos xa que as empresas que se van valorar son DUAS co que unha terá a puntuación máxima 9 e outra a mínima 0.

CALIDADE DOS MATERIAIS: 9 puntos.

| ELEMENTO | | |
|---|---|---|
| | % | PTOS. |
| XOGOS | 50 | 4.5 |
| CHAN | 20 | 1.8 |
| VALOS | 5 | 0.45 |
| MOBILIARIO | 5 | 0.45 |
| BIOSALUDABLES | 10 | 0.9 |
| AXARDINAMENTO | 10 | 0.9 |
| **TOTAL** | **100%** | **9** |

***XOGOS.***

Valoraranse aqueles aspectos do deseño, a estética e o valor lúdico que resulten estimulantes para o desenvolvemento físico e mental do neno, así como a adaptación dos xogos para nenos e nenas con diversidade funcional.

Valorarase tamén o proxecto, as formas, as cores e os materiais empregados, así como a súa integración no conxunto dos elementos presentados.

Tamén será obxecto de valoración que a maior parte dos xogos sexan axeitados para nenos e nenas con deficiencias visuais e con limitacións na súa mobilidade. Que inclúan aspectos relativos á diversión, a socialización e habilidades psicomotrices. Así como o número de usuarios e os rangos de idade de uso dos xogos.

**LAPPSET ESPAÑA VR SL.**

A ubicación dos xogos encontrase dentro de un valado de madeira perimetral na que os xogos están distribuidos en duas zonas, unha mais central na que se instala un multixogo e un carrusel inclusivo que se bordea con un paseo dende o que se pode acceder as distintas actividades e que conta con elementos de distintas texturas con zonas de distinto nivel e con xogos de suelo e que se bordea con outra na que se instalan outros xogos, arroupando estes xogos centrais, na que se instalan columpios, muelles e unha montaña atravesada por un tunel de aceiro inoxidable. Tamén establece unha zona para instalar as mesas de xogo e os elementos biosaludables que se comunican con un paseo de zahorra selado con xabre bordeado con un tablón ademais conta con unha zona de estar con bancos e unha mesa de picnic, colocan arbores e arbustos e na que se instala un sistema de rega automatizado.

Na zona de xogos emplázase xogo múltiple inclusivo e trepa con discos cognitivos, paneis didácticos, pedais de mans, barras e teléfono, un muelle reno, un muelle tipo tractor, un muelle moto, un carrusel inclusivo apto para cadeira de rodas, un juego twister, un circuito de pavimentos, un columio triple con asientos tipo cuna, plano e inclusivo con sistema de sujeción, tamen instala un columpio tipo cesta e debaixo de unha pequena montaña que se crea na zona de xogos, un tubo tipo tunel.
Pode ser usado por 88 usuarios, inclúe mais de 159 actividades distintas adaptadas para seren usados por nenos con problemas lixeiros de visión e motricidade sen acompañante e con deficiencias severas de visión e mobilidade con acompañante .

**HPC IBERICA SA**

Propón a disposición dos elementos en tres zonas, todas ao mesmo nivel, unha cos xogos infantis recollida con una valado de madeira e pavimento amortecedor continuo e tres zonas circulares, distribuindo nunha 5 elementos biosaudables, noutra 3 mesas

de xogos e na outra 1 mesa de ping pong establecendo entre elas paseos de comunicación. Tamén coloca 4 unidades de banco 2 papeleiras e 1 fonte.
A zona de xogos presenta un xogo principal tipo Santiago combinado e accesible con elementos lúdicos situados a nivel de suelo (paneis lúdicos, xogos de equilibrio), dous tobogans e diversas plataformas. Tamén presenta tres columpios con asientos tipo plano, cuna, inclusivo e unha cesta. Tamen presenta un carrusel giratorio tipo pirámide de cordas e un mais grande accesible a cadeira de rodas e tres muelles, duas unidades para dous usuarios e unha para un.
Poden empregalos simultaneamente por mais de 74 usuarios, con distinto grao de adaptación dos xogos e ás distintas discapacidades.

**CHAN**

Valorarase o contido lúdico e que o deseño estea orientado a estimular a imaxinación infantil e a combinación de formas e cores na liña temática da area.

**LAPPSET ESPAÑA VR SL.**

Está deseñado en cores variados no que prevalece a cor azul con un paseo de recorrido polos xogos en cor crema e zonas roxas e verdes nos xogos e cunha zona elevada en forma de montaña pola que atravesa un túnel de aceiro inoxidable e con ondulacions un circuito de pavimentos e xogos de suelo no paseo e con una superficie de 300 metros cadrados.

**HPC IBERICA SA**

O pavimento amortecedor seleccionado, establecese ao mesmo nivel, seguindo a zonificación con tres cores, un laraxanxa no centro e zonas amarelas e azuis nas veiras con distinto nivel de gradación e una mariola .

**VALOS**

Abranguerra todo o perímero da area e incluirá una porta de entrada e será de materiais acordes co conxunto da área.

**LAPPSET ESPAÑA VR SL.**

Fabricada con madeira de pino roxo de Flandes, cepillada con cantos romos e inpregnada en autoclave con sales hidrosolubles composta en tramos de dous metros de lonxitude máxima e postes de pino de 90 x 90 mm. está dotada con unha porta na parte oposta a acera existente

CONCELLO DE SANTIAGO

**HPC IBERICA SA**

Fabricada con madeira de pino roxo de Flandes, inpregnada en autoclave con sales hidrosolubles, composta en tramos e con tornillería de aceiro inoxidable está dotada con unha porta na a acera existente

**MOBILIARIO.**

Estará integrado polos bancos, as papeleiras, a fonte e a cartelería de información xeral da área de xogos, segundo o disposto na Normativa galega.
Tamén se incluirá unha área de lecer con elementos de ximnasia tipo esqui de fondo, xogo de cintura, tipo ascensor, andador elíptico, bicicleta ou similares en número mínimo de 5 unidades.
Tamen se incluiran un mínimo de 3 unidades de mesas de xogo tipo axedrez, parchis ping-pong ou similares
O deseño dos elementos ofertados, deberán ser acordes co conxunto da intervención proposta e maila contorna.

**LAPPSET ESPAÑA VR SL.**

Inclúe 8 bancos con respaldo tipo modo 10 e 3 papeleiras tipo Barcelona e unha fonte apta para discapacitados e cans e un cartel modelo Santiago en forma de folla, de aceiro recuberto con metacrilato.
Propón a instalación de 6 elementos biosaludables (1esqui de fondo 1 giro de cintura, 1 ascensor, 1 andador elíptico, 1 bicicleta estática, 1 silla de entrenamento de pernas e 1 cartel informativo).
Propón tamén 1 mesa de ping-pong, 2 mesas de axedrez e 2 de parchis.

**HPC IBERICA SA**

Inclúe 4 bancos tipo modo e 2 papeleiras tipo toscana, unha fonte apta para discapacitados e un cartel de 40x60 cm de aluminio con poste de aluminio anodinado de 60 mm de diámetro e 3 mm de espesor cunha altura de 1800 mm.
Propón a instalación de 5 elementos biosaludables (1 giro de cintura,1 slalom, 1esqui de fondo, 1 silla de entrenamento pectoral e 1 bicicleta estática).
Propón tamén 2 mesas de axedrez e 1 de parchis e 1 mesa de ping-pong.

**AXARDINAMENTO**

*A zona* restante da instalación das áreas de xogo e de lecer axardinarase con céspede, arbustaxe e árbores de sombra que terán unha altura mínima de 2.5 metros incluíndose a instalacion do sistema de rega automatizado para a totalidade da zona

LAPPSET ESPAÑA VR SL.

Presenta un axardinamento con unha pradeira rústica como base, con unha superficie de 639 m2 na que se colocan zonas elevadas en forma de montículos, instálanse tamén 189 m2 de macizos arbustivas con borduras de vivaces de flor e gramineas e na que se ubican 38 unidades de arbolado, a zona ajardinada transitase por un paseo de zahorra rematado con xabre no que se emplaza unha zona de estar con mobiliario. Instalase rego automatizado en toda a superficie axardiñada.

HPC IBERICA SA

Non presenta axardinamento.

**CALIDADE DOS MATERIAIS**

LAPPSET ESPAÑA VR SL

Inclúe madeiras de calidade V con certificación forestal PEFC-FSC, contrachapados de lámina delgada de bidueiro e pino, laminados de HPL de 6-20 mm de groso. Componentes metálicos de aluminio anodinado e aceiro electrogalvanizado revestido con pintura en polvo. Aceiro inoxidable AISI 304, resortes de aceiro con muelles de ballesta en aceiro MS 416. Componentes rotatorios en aceiro AISI 304. Bases de xogo en aceiro galvanizado. Pinturas gama Pinjacolor y Tannalith. Todos os elementos poseen un alto grado de reciclabilidade.

HPC IBERICA SA

Inclúe madeiras con certificación forestal PEFC-FSC e QUALIFOR, con test de ensallos con resistencia a ultravioletas, atmósferas salinas, resistencia a tracción e con probas de carga. Patas e postes de sustentación e horizontais de aceiro inoxidable e aceiro galvanizado lacado de 125mm de sección, tableiros de HPL de 13mm de espesor, platraformas de rotación de aceiro inoxidable e tortillería protexida en aceiro inoxidable. Muelles de aceiro 355CD6 zincado e duas capas de polvo de poliéster. Todos os elementos poseen un alto grado de reciclabilidade.

CONCELLO DE SANTIAGO

**CONCLUSIÓN**

Considérase a opción de LAPPSET ESPAÑA VR SL como a máis vantaxosa, segundo reflicten as puntuacións dos cadros que se achegan co informe, polo emprego de diferentes niveis co obxecto de crear ambientes distintos e específicos de xogo, pola harmonización entre os elementos de xogo e o pavimento (tanto nas formas coma nos volumes) na gradación das cores e o conxuntado dos elementos, o que redunda nun maior número de usuarios, diversidade e capacidade de xogo, reflexando a porcentaxe de adecuación por idades de uso e favorecendo a capacidade de integración dos usuarios (tanto no relativo ás idades como á adaptación). Tamén explica a tipoloxía dos materiais empregados, detallando a súa porcentaxe de reciclabilidade.

Tamén resulta mellor desenvolvida a proposta de distribución e detalle das zonas de estar.

Polo que respecta a proposta de axardinamento, a presentada pola empresa LAPPSET non só merece unha valoración positiva, se non que contrasta coa ausencia de proposta algunha da empresa HPC, o que se considera unha deficiencia grave, ó representar o 23.88 % do orzamento.

Así mesmo, a oferta de LAPPSET ESPAÑA VR SL resulta tamén mellor, analizada dende unha perspectiva simplemente obxectiva, ó ofertar máis mobiliario, máis elementos biosaludables, unha máis amplia zona de estar, permitir un maior número de usuarios, e, sobre todo pola sinalada ausencia dunha proposta de axardinamento que integre o parque na sua contorna.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

O encargado do Departamento de Parques e Xardíns

Asdo: Gregorio López Albardonedo.

| ELEMENTO | | DESEÑO | | ESTÉTICA | | VALOR LÚDICO | | Nº E DIVERSIDADE XOGOS ADAPTADOS | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **XOGOS** | | | | | | | | | | |
| PTOS. | % | PTOS. | % | PTOS. | % | PTOS. | % | PTOS. | % | |
| 23.20 | 58% | 9,28 | 40% | 3,48 | 15% | 4,64 | 20% | 5,,80 | 25% | |
| **LAPPSET VR SL** | | 9.28 | | 3.48 | | 4,64 | | 5,80 | | 23,20 |
| **HPC IBERICA SA** | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 |
| **CHAN** | | | | | | | | | | |
| PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | |
| 9,60 | 24% | 2,40 | 25% | 2,40 | 25% | 2,40 | 25% | 2,40 | 25% | |
| **LAPPSET VR SL** | | 2.40 | | 2,40 | | 2.40 | | 2.40 | | 9,60 |
| **HPC IBERICA SA** | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 |
| **VALOS** | | | | | | | | | | |
| PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | | | | | |
| 4,80 | 12% | 3,60 | 75% | 1,20 | 25% | | | | | |
| **LAPPSET VR SL** | | 3,60 | | 1,20 | | | | | | 4,80 |
| **HPC IBERICA SA** | | 0 | | 0 | | | | | | 0 |
| **MOBILIARIO** | | | | | | | | | | |
| PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | | | | | |
| 2,40 | 6% | 1,80 | 75% | 0,60 | 25% | | | | | |
| **LAPPSET VR SL** | | 1,80 | | 0,60 | | | | | | 2,40 |
| **HPC IBERICA SA** | | 0 | | 0 | | | | | | 0 |

CALIDADE DOS MATERIAIS .... 9 PUNTOS.

| EMPRESA | XOGOS | | CHAN | | VALOS | | MOBILIARIO | | BIOSALUDABLES | | AXARDINAMENTO | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | PTOS | % | |
| | 4,5 | 50% | 1,8 | 20% | 0,45 | 5% | 0,45 | 5% | 0,9 | 10% | 0.9 | 10% | |
| LAPPSET VR SL | 4,5 | | 1,8 | | 0,45 | | 0,45 | | 0,9 | | 0.9 | | 9 |
| HPC IBERICA SA | 0 | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 | | 0 |

**CADRO RESUMO**

| EMPRESA | DESEÑO, ESTÉTICA, VALOR LÚDICO E DIVERSIDADE (40 PUNTOS) | CALIDADE DOS MATERIAIS (9 PUNTOS) | TOTAL |
|---|---|---|---|
| LAPPSET | 40 | 9 | 49 |
| HPC | 0 | 0 | 0 |